

De acordo con os Estatutos do Consorcio Casco Vello de Vigo, modificados pola ORDE do 20 de decembro de 2012 da Xunta de Galicia, a finalidade do CCVV é a seguinte:

*Artigo 4. Fins*

1. O fin esencial do Consorcio é levar a cabo, de acordo coas previsións do Plan especial de protección e reforma interior (PEPRI) do Casco Vello de Vigo, unha serie de actuacións e intervencións que contribúan ao proceso de recuperación da súa Área de Rehabilitación Integrada (ARI), mediante a adquisición de terreos ou mediante a adquisición de construcións para a súa posterior rehabilitación, ou calquera actividade que poida ter por obxecto a rehabilitación do casco vello.

A rehabilitación dos inmobles realizarase tendo en conta que terán como destino prioritario o de vivendas preferentemente acollidas a algún réxime de protección pública. En todo caso, algúns inmobles poderanse destinar a outros usos ou dotacións públicas.

2. Serán actuacións do Consorcio:

- a) Xestionar a adquisición dos edificios e soares.
- b) Contratación da redacción dos proxectos de rehabilitación e urbanización.
- c) Contratación da execución das obras de rehabilitación, construción e urbanización.
- d) Contratación das obras de urbanización e adecuación dos espazos resultantes.